

Plataformas de registo da biodiversidade (III): apresentando Biodiversidad Virtual

Cosme Damián Romay Cousido*




Figura 1. Aspeito da páxina de bem-vinda de Biodiversidad Virtual (Fevereiro de 2022).

O que é a Biodiversidad Virtual?

A plataforma científica e divulgativa *Biodiversidad Virtual* (no sucesivo BV) é un exemplo de ciencia cidadá baseada no traballo cooperativo e a fotografía digital geolocalizada. Naceu en 1995 como “Insectarium Virtual”, convertendo-se en BV en 2008. Desde 2010 está gerida por Fotografía y Biodiversidad, asociación española sem ánimo de lucro. BV é gratuita e está aberta a todo o mundo.

Aínda que se centra en fauna e flora, entre as súas 12 galerías há tamén lugar para a etnografía, a xeoloxía e a meteoroloxía (Figura 1). En cada galería de fauna e flora as observacións están ordenadas taxonomicamente.

Actualmente (febreiro de 2023) BV tem nas súas galerías 2,6 millóns de fotografías, das que algo máis da metade (1,4 millóns) som de invertebrados (Figura 2). Há quase 200 mil fotos de vertebrados (maioritariamente aves), 678 mil fotos de plantas e 157 mil de fungos e líquenes. A galería de etnografía tem 123 mil imaxes, atingindo o resto de galerías poucos milhares de fotografías. Em 2018, BV tinha subidas ao nodo global de biodiversidade (GBIF.es) registros validados de 20681 especies. Conta hoje em dia com mais de 4500 usuarios e usuarias, das que quase 500 están asociadas a Fotografía y Biodiversidad.

Sinalar que neste comezo de 2023, a asociación Fotografía y Biodiversidad atopa-se em proceso de integración com a plataforma Observation.org: a web de BV vai-se transformar aproveitando a tecnología de Observation.org. Neste novo portal subirán-se as novas citas e tamén poderán ser consultadas as antigas.

E a nivel ibérico e galego?

A imensa maioría das fotografías obtidas em BV som da Península Ibérica; por exemplo, dos 1,4 millóns de fotografías de invertebrados, só 23 mil som “extraibéricas”. Aínda que nom se disponhem de cifras exactas para Galiza, considerando a información do “mapa de distribución” em cuadrículas de BV, existen aproximadamente 60 mil registros fotográficos galegos de invertebrados (o 4,3% do total deste grupo em BV), 10 mil registros de plantas (1,5%), 7 mil de fungos (6,2%) e 3 mil de aves (2,4% do total), ademais de cifras de centos ou poucos milhares de imaxes para outros grupos, que aproximam o total de fotografías galegas em BV às 100 mil.

Que puntos fortes tem?

a) Volume de información. As mais de 2,4 millóns de fotografías de BV constituen um corpus documental inigualável de imenso valor taxonómico no contexto ibérico.



Figura 2. Aspeito da interface dumha das galerías de Biodiversidad Virtual (Invertebrados/Insectarium Virtual).

b) Grupos considerados. Ao igual que Observation.org, iNaturalist e Natusfera, acepta registros de todo tipo de seres vivos, creando automaticamente umha ficha para cada observación (Figura 3).

c) Datos georreferenciados e com imagens. Todas as observações tenhem ao menos umha imagem asociada, facilitando a sua validação.




Figura 3. Exemplo de ficha dumha observación em Biodiversidad Virtual (*Arion sp.*).

d) App. Com a aplicación "BV móvil" podemos obter imagens com o nosso smartphone e agregá-las directamente como registros.

e) Revisión dos dados. As citas son revisadas por máis de 250 validadores, em muitos casos os principais expertos em grupos de identificación complexa.

f) Em rede. BV está integrada no nodo mundial de biodiversidade (GBIF.org).

Em que pode melhorar?

a) Interface algo obsoleta. Estrutura com ligações em cartões por vezes confusa, e subida de dados pouco ágil.

b) Sem mapas acesíveis. Non há opção doada de consultar mapas, nem de configurá-los "à carta" como noutras plataformas.

c) Sem estatísticas claras e acesíveis.

d) Sem opções para fazer itinerários e estações de tempo controlado. Apenas dá a opção de fazer "Testings" ou avaliações coordenadas de biodiversidade.

e) Sem identificación automática. Non se aplica a identificación automática às imagens nem na app nem na web, como si o fai Observation ou iNaturalist.

f) Ausência de núcleo coordenador e dinamizador na Galiza.

Umha vez que BV vai integrar-se em Observation.org, muitas destas eivas van-se arranjar.

Agradecimentos

A Julio Rabadán González, Antonio Ordóñez e Martiño Cabana Otero, polas acertadas sugestions.

*Cosme Damián Romay Cousido. Biólogo, Universidade da Coruña.